

[ondacero.es](https://www.ondacero.es)

Avance cara á dixitalización do sector vitivinícola

Óscar Gómez

3–4 minutes

O proxecto Libatio (Sistema de monitorización en tempo real dos procesos de fermentación e maduración do viño) desenvolvido por un consorcio de catro pemes galegas liderado por Viña Costeira e apoiado pola Xunta de Galicia a través do programa Conecta Hubs, co cofinanciamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) dentro do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

A directora destacou a contribución deste proxecto á transformación dixital do sector vitivinícola mediante a integración de tecnoloxías avanzadas en dúas fases clave do proceso de elaboración do viño, como son a maduración e fermentación do viño -etapas que ata agora apenas contaban con tecnoloxía dixital- o que permite mellorar a toma de decisións da empresa, reducir as perdas e ter un control continuo de todo o proceso. Ademais, esta solución tecnolóxica ten un gran potencial de aplicación noutros sectores, segundo apuntou o consorcio que executou o proxecto.

Deste xeito, impulsa a competitividade dun sector estratéxico como o agroalimentario e contribúe a avanzar cara a unha economía máis dixital e resiliente, baseada no coñecemento e na innovación. Precisamente, o obxectivo da liña de axudas

Conecta Hubs é apoiar proxectos de I+D+i colaborativos desenvolvidos por agrupacións de empresas que contribúan a impulsar un tecido empresarial máis dixitalizado, innovador e sustentable, mellorando así a súa competitividade.

A transformación dixital do tecido produtivo galego, especialmente das pemes, é unha prioridade da política de I+D+i da Xunta de Galicia que no ano 2018 comezou a impulsar os Hubs de Innovación Dixital, como un instrumento novo que facilita o acceso da industria a tecnoloxías emerxentes. Así mesmo, na Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2021-2027 a dixitalización aparece como unha das tres prioridades transversais, xunto á sostibilidade e o enfoque cara as persoas.

Sobre Libatio

Este proxecto, liderado por Viña Costeira xunto a tres pemes galegas (SC Robotics, deseñadores de solucións aplicando internet das cousas (IoT); Nigal, empresa de análise de datos mediante intelixencia artificial; e Indominus AS, especialistas en xestión e desenvolvemento de proxectos de innovación e enxeñaría computacional) conseguiu o desenvolvemento dunha plataforma web completa que permite a monitorización en tempo real da etapa de maduración do viño mediante sensores para controlar o estado do viño almacenado nos depósitos de aceiro, así coma dispositivos de sensorización ambiental para o control da sala de envellecemento.

Outro dos obxectivos do plan foi a simulación da fase de fermentación do viño, proporcionando así unha predición sobre a evolución dos substratos involucrados no aroma e sabor do produto e o control da temperatura de fermentación que minimize o gasto enerxético derivado do arrefriamento.

Libatio permite, polo tanto, dixitalizar dúas das fases principais da cadea de valor da elaboración do viño, que apenas contaban con tecnoloxía dixital, a diferenza doutras fases como a colleita ou o embotellado.